

Co propósito de estimular e recoñecer a creación dos compositores, a Fundación SGAE, a través do Consello Territorial da Comunidade Valenciana, convoca o

# II Premio de Composición SGAE - CullerArts para violín

fundación  sgae

**01** Poderán concorrer ao premio todos os/as compositores/as en calquera país do mundo e que sexan socios da SGAE, con obras de calquera linguaxe ou tendencia estética e que sexan adecuadas para seren obras de obrigado estudo e interpretación no concurso de interpretación de violín Cullerarts 2022. Só poderán presentarse obras de autoría única e cada concursante só poderá presentar unha única obra, libre de calquera compromiso que condicionase a súa edición posterior despois de premiada. Ao ser unha obra orixinal, non se admitirán obras que utilicen fragmentos de obras alleas. As obras que inclúan de calquera forma ou maneira fragmentos de obras alleas serán descalificadas.

**02** As obras deberán ser só para violín.

**03** A obra presentada a concurso non poderá ser estreada nin posta á disposición do público, nin difundida con anterioridade de ningún xeito ou maneira. A título enunciativo e non limitativo, non pode ser usada en soportes audiovisuais, fonográficos ou posta á disposición do público pola Internet, nin interpretada en concertos, nin sincronizada en obras audiovisuais, nin tampouco premiada noutro concurso nacional ou internacional.

**04** A duración das obras non será inferior a sete nin superior a dez minutos.

**05** Co fin de preservar o anonimato dos/as concursantes, as partituras presentaranse incluíndo o título orixinal da obra e un lema (que deberá ser diferente do título da obra) e non indicarán o nome do autor en ningunha das súas páxinas.

**06** As obras concursantes deben enviarse nun sobre grande que conteña a partitura da obra. No sobre grande tamén se incluírá outro sobre máis pequeno con idéntico lema e pechado, que conterá:

- a ficha de rexistro da obra na SGAE ou a declaración da obra presentada na SGAE que estea en trámite de rexistro.
- unha fotocopia do DNI ou pasaporte e os datos de contacto do/a compositor/a.
- un breve currículo dos autores que non exceda de vinte liñas.
- unha autorización expresa a favor da Fundación SGAE para o uso dos seus datos de carácter persoal na realización de todas as xestións necesarias deste premio.

Este sobre pequeno estará baixo estrito control dos organizadores, que disporán dos seus contidos só para efectuar as xestións loxísticas

propias do concurso. Unicamente despois de que outorgue o premio oficial contemplados nestas Bases, o Xurado coñecerá a identidade do/a gañador/a para proceder a incluír o seu nome na redacción da Acta final.

**07** As obras poderán remitirse ata o 31 de xaneiro de 2022, por correo certificado, por servizo de mensaxería ou por entrega persoal na Fundación SGAE de Valencia (C/ Blanquerías, 6 – 46003 Valencia) ou en calquera das sedes e delegacións xerais da SGAE en España e no estranxeiro ([www.sgae.es](http://www.sgae.es)). Concluído este prazo, só se admitirán aqueles envíos cuxa data, no cuño, sexa anterior ou coincidente coa do pechamento desta convocatoria.

A relación de obras baixo lema que cumpran todos os requisitos e foron aceptadas pola organización para concursar, será publicada en [www.fundacionsgae.org](http://www.fundacionsgae.org) e [www.sgae.es](http://www.sgae.es).

**08** De entre todas as partituras aceptadas, un xurado que integrarán destacados expertos en música, escollerá unha obra como gañadora.

Esta obra:

- Será obra obrigada para os semifinalistas do IV CONCURSO INTERNACIONAL DE VIOLÍN “CULLERARTS”, organizado polo Concello de Cullera (Valencia) e cuxa fase final terá lugar en setembro de 2022.
- O/a autor/a gañador/a, socio/a da SGAE, será membro do xurado da próxima edición do dito CONCURSO INTERNACIONAL DE VIOLÍN “CULLERARTS”.

**09** A dotación do premio será de 2000 €. Esta contía será sometida á tributación que marque a lexislación vixente.

**10** O/A compositor/a cuxa obra sexa gañadora comprometeranse a facilitarlle á organización con suficiente antelación unha copia da partitura. Na partitura deberá aparecer xa o título oficial da obra tal cal foi rexistrado na SGAE e o nome e apelido(s) do compositor, segundo os canons habituais utilizados en todas as partituras, para o seu uso nos ensaios previos no CONCURSO INTERNACIONAL DE VIOLÍN “CULLERARTS” onde se interpretará a obra premiada. Así mesmo, deberá enviar un breve comentario escrito relativo á súa obra e unha actualización do seu currículo en formato de ficha biográfico-artística para incluílos no programa impreso do dito CONCURSO.

**11** Toda a documentación relativa ás obras enviadas que non fosen seleccionadas como gañadoras conservarase só até os trinta (30) días seguintes á publicación do veredicto do xurado. Se nese prazo o/a compositor/a non solicita a devolución da documentación, esta será destruída.

**12** Os/as compositores/as participantes eximen a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual, na que puidesen incurrir.

**13** Polo feito de concorrer a esta convocatoria, os compositores que concursen aceptan integramente as bases do premio, así como as decisións do xurado. En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como os organizadores do premio, deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid capital, España, e considerarse como oficial o texto en castelán.

**14** Toda a información que as partes subministren na xestión do concurso ten carácter confidencial e non poderá revelárselles a terceiros nin utilizarse con fins distintos dos establecidos, agás as excepcións determinadas pola lexislación vixente. Conforme o que establece o

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que os/as compositores/as concursantes faciliten nesta convocatoria formarán parte dun ficheiro de titularidade da FUNDACIÓN SGAE e SGAE para a posta en coñecemento do xurado, o envío de comunicacións, a xestión administrativa da participación nestes Premios, o pagamento das cantidades que se lles deban aos que resulten elixidos a través de Bancos e caixas de aforros, a publicación da resolución da concesión na Internet, a realización de memorias de actividades da FUNDACIÓN SGAE e/ou da SGAE e a publicidade das actividades que a FUNDACIÓN SGAE e a SGAE desenvolven, realizadas directamente por eles mesmos e/ou a través dos seus colaboradores, ou calquera outra xestión que resulte necesaria en relación co desenvolvemento dos Premios.

Os titulares do dereito fundamental á protección de datos persoais poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos e a non seren obxecto de decisións individuais automatizadas dirixíndose á Fundación SGAE, para a atención dos servizos xurídicos, quer por escrito á rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid, quer ao seguinte enderezo de correo electrónico: [informacion@fundacionsgae.org](mailto:informacion@fundacionsgae.org). Este escrito deberá indicar os datos necesarios para a identificación do titular do dereito con especificación do dereito exercido, os motivos e a súa petición concreta, xunto coa fotocopia do seu DNI.

#### **ENVÍO DE MATERIAIS**

Fundación SGAE Valencia

C/ Blanquerías, 6  
46003 Valencia

#### **INFORMACIÓN**

As persoas interesadas poderán efectuar todo tipo de consultas ou ampliar a súa información sobre estas bases en

[cramos@fundacionsgae.org](mailto:cramos@fundacionsgae.org)

[www.fundacionsgae.org](http://www.fundacionsgae.org)

[www.sgae.es](http://www.sgae.es)